

PLAN DE CONVIVENCIA



Data de elaboración: curso 2023/24

Índice

1.- Introducción	4
2.- Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro.....	5
Características do centro.....	5
Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia	7
Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno	8
Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e nº de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes	9
Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.....	11
3.- Obxectivos específicos.....	13
4.- Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras	15
Actuacións organizativas curriculares e de coordinación	15
Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos	16
Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás NORMAS DE convivencia.....	18
Protocolo para a prevención, a detección e o tratamento das situacións de acoso escolar	19
Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir	20
Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro que fomenten o diálogo, a co-responsabilidade e a cultura da paz.....	22
5.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.....	22
6.- Concreción, en cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución	26
7.- Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa.....	27
Dereitos e deberes do alumnado.....	27
Dereitos e deberes dos pais/nais/titores	27

Deberes e deberes do profesorado.....	28
Deberes e deberes do persoal no docente que presta o seu servizo no centro	28
8.- Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán	28
9.- Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de pais e nais.....	28
10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno	30
11.- Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia.....	31
12.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia	32
13.-Anexos	33

1.- Introducción

A lexislación educativa vixente establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros, o seu plan de convivencia.

No IES A Pinguela temos por obxectivo un ensino de calidade, o que implica:

- Ensinar a vivir en sociedade. Preparación para participar na vida social e cultural.
- Ensinar en valores, aprendendo a convivir de maneira responsable, solidaria, libre e resolvendo os problemas mediante a cooperación.
- Ensinanza democrática, na que todos/as desexemos e poidamos participar democraticamente. Formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre persoas e pobos.
- Ensinanza sen exclusións, que intente obter o mellor e o máximo nivel posible de todas as persoas que participamos no proceso.

Consideramos que a convivencia apréndese interactuando, fomentando boas relacións interpersoais, o autocoñecemento, a autoestima... dende o diálogo, a escoita activa, a participación e a asunción de responsabilidades.

Co presente plan de convivencia preténdese elaborar un documento que nos permita ter como referencia a convivencia no seu sentido máis positivo, o respecto ás normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por toda a comunidade educativa na aula, no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar, e que a propia autodisciplina guíe os nosos pasos na nosa vida en xeral.

Conscientes da necesidade de ter un axeitado clima escolar e unha convivencia pacífica para o bo desenvolvemento da vida educativa no centro e para o logro do éxito educativo por parte do alumnado, elaboramos este Plan de convivencia escolar para o noso instituto.

Falar de convivencia é tratar sobre un obxectivo básico da educación, que debe ser unha prioridade para toda a comunidade escolar pois prepara ao alumnado para levar unha vida social adulta satisfactoria, autónoma e para que poida desenvolver as súas capacidades como ser social.

Para conseguir unha formación integral, entre as competencias básicas que se deben adquirir na escola ten unha especial relevancia a competencia social e cidadá. Aprender a convivir na sociedade forma parte das habilidades do ser humano: aprender a respectar, a ter actitudes positivas, a aceptar e asumir os procesos democráticos, aceptar o principio de igualdade entre homes e mulleres, aceptación e cumprimento de normas, ter en conta outras opinións e estilos de vida, respecto á diversidade e de resolución pacífica de tensións e conflitos.

Consideramos que debe existir conexión entre o Plan de convivencia, o Plan de traballo da coordinadora de Benestar e o Plan de acción tutorial, xa que, como indican algúns autores, para ser un bo profesor é necesario ser comprensivo, aberto, flexible, observador, amable; estar sempre dispoñible; saber escoitar, axudar, motivar, valorar e criticar. E aínda máis necesario é todo isto, se cabe, para educar na convivencia.

2.- Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro

CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O instituto IES A Pinguela está ubicado en Monforte de Lemos (Lugo), onde existen outros 5 centros de ESO, 3 concertados e 2 públicos; nestes últimos tamén se imparte bacharelato e ciclos formativos.

O Instituto de educación secundaria A Pinguela abarca as ensinanzas de:

- Educación secundaria obrigatoria
- Bacharelato
 - Ciencias e Tecnoloxía
 - Humanidades e CC Sociais
- Formación Profesional Básica de Servizos administrativos
- Formación Profesional específica das familias profesionais de Administración, Informática e Imaxe Persoal:
 - Ciclo Medio de Xestión administrativa
 - Ciclo Medio de Sistemas microinformáticos e redes

- Ciclo Medio de Peiteado e cosmética capilar
 - Ciclo Medio de Estética persoal e decorativa
 - Ciclo Superior de Administración e finanzas
 - Ciclo Superior de Desenvolvemento de aplicacións Web
 - Ciclo Superior de Asistencia á dirección (adultos)
- Nos últimos anos aumentamos a oferta educativa coa implantación da FP dual:
- Ciclo Superior de Estilismo e dirección de peiteado (dual)
 - Ciclo Superior de Administración e finanzas (dual)
- E coa nova familia de Têxtil:
- Ciclo Medio de Confección e Moda
 - Ciclo Medio de Calzado e complementos de moda (dual)
 - Ciclo Medio de dobre titulación de confección e Calzado (dual)

Na ESO temos dous centros adscritos situados no medio rural: CEIP Monte Baliño, de Pantón; e CEIP Virxe do Carme, de Sober. Ademais, dende hai máis de 10 anos está a aumentar o número de familias da cidade de Monforte de Lemos que nos escolle para escolarizar os seus fillos, a pesar de que o instituto está ubicado nun barrio periférico da cidade.

Cómpre destacar que do total de alumnado escolarizado no centro, un número significativo procede doutros países (do este de Europa, de América latina e, ultimamente, de Marrocos), normalmente con grandes dificultades e por debaixo do nivel de aprendizaxe que lle correspondería pola súa idade. Estas familias forman unha clase traballadora e asalariada. A isto súmaselle algún alumnado de etnia xitana na ESO. Non todo este alumnado inmigrante se incorpora ó sistema educativo español no noso centro, motivo polo que non é posible a creación de grupos cos que aplicar as medidas de atención á diversidade específicas, previstas para alumnado de incorporación tardía ó sistema educativo español.

Contamos, na ESO principalmente, cun número significativo de alumnado con diversidade funcional que precisa dunha atención específica de apoios para a súa integración efectiva no centro e na sociedade.

A FP Básica permite acoller a alumnado que non puido obter o título de ESO. Frecuentemente este alumnado provén de familias desestruturadas e mediante esta formación básica se lle da a oportunidade de conseguir ese título e abrir certas saídas ao mundo laboral ou ó acceso a ciclos formativos.

En canto ás familias do noso alumnado, ao ser os noso centros adscritos de concellos próximos de Sober e Pantón, moitas pertencen ao ámbito do rural, sendo maioritariamente de clase media.

Polo tanto, o IES A Pinguela é un centro moi diverso en canto a:

- **Diversidade cultural**
- **Diversidade de capacidades**
- **Diversidade de medios socioeconómicos**

Pero tamén temos diversidade **de orientación sexual e de xénero**, como vimos observando nos últimos anos coa incorporación ó centro de alumnado de distintas orientacións sexuais e tamén alumnado transexual.

ASPECTOS DA XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DO CENTRO QUE INFLÚEN NA CONVIVENCIA

Con esta gran diversidade de alumnado precisamos concienciarnos da necesidade de levar a cabo un Plan de Convivencia que analice en profundidade as situacións de conflito, estableza pautas de actuacións concretas para o regulamento das normas de convivencia e permita a resolución dos mesmos, co fin de crear un clima de benestar. Así mesmo préstase especial atención ó alumnado de Formación Profesional Básica, xa que contan con máis dificultades para a adquisición de hábitos de aceptación das normas propias do noso centro. Este alumnado presenta problemas de adaptación ao contexto escolar, desmotivación e unha historia de fracaso escolar que temos moi presente á hora de organizar o PAT para este curso (programas de autoconcepto e autoestima, de resolución pacífica de conflitos, de desenvolvemento persoal,...).

Á hora de deseñar este Plan de Convivencia teremos que ter en conta que o centro non conta con aulas libres polo que habilitamos a sala de xuntas como **aula de convivencia**, espazo de reflexión para actuacións, tanto inmediatas, onde se busca corrixir certas condutas; como con carácter preventivo

na aplicación de medidas correctoras. Esta aula conta con profesorado de garda e un protocolo de actuación que garante que o alumnado que acuda á mesma prosiga co seu proceso formativo.

Por outra parte, vemos que, de curso en curso escolar, aumenta o alumnado inmigrante, o que implica unha maior dificultade nas relacións, se ben habitualmente este alumnado intégrase no centro sen dificultade.

Traballamos para a prevención e a eliminación do acoso escolar e o maltrato entre iguais. O obxectivo do centro neste sentido é de activar o protocolo de intervención ante o máis mínimo indicio de acoso escolar para garantir, en todo momento, o dereito básico do alumnado a desenvolver o seu proceso educativo en condicións adecuadas e seguras evitando así que se poidan agravar situacións que, aínda que non sexan acoso, producen sufrimento e emocións negativas en algún alumnado comprometendo o seu desenvolvemento social e emocional. Se ben é certo que é función do equipo directivo garantir unha convivencia escolar positiva no centro, condición *sine qua non* para asegurar unha aprendizaxe de calidade a todo o alumnado, tamén é evidente que a consecución deste clima pasa por unha participación e responsabilidade compartida de toda a comunidade educativa.

Polo tanto, o presente proxecto nace para tratar de buscar alternativas que poidan mellorar o ambiente de traballo, o nivel de convivencia e, en definitiva, o clima da aula e do centro adoptando medidas que fagan que o alumnado, as familias, o profesorado e demais membros da comunidade educativa realicen progresos no ámbito da convivencia e da relación.

ESTADO DAS RELACIÓNS E DA PARTICIPACIÓN NA VIDA DO CENTRO POR PARTE DO PROFESORADO, DO ALUMNADO, DAS FAMILIAS E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS E DE ATENCIÓN EDUCATIVA COMPLEMENTARIA, ASÍ COMO DOUTRAS INSTITUCIÓN E ENTIDADES DO CONTORNO

As relacións e a participación na vida do centro considéranse positivas en todo momento. Aínda que hai tempos e espazos fixos para a relación e participación da comunidade educativa, cóntase con outro non fixos que se crean de xeito natural segundo van xurdindo as necesidades. Neste caso, a colaboración é case sempre aceptada e búscanse as formas de organizarse para o seu máximo aproveitamento.

Por parte do **profesorado**, desde a CCP establécense as liñas de actuación para o deseño, posta en práctica, seguimento e avaliación do Plan de Convivencia. Ó Claustro infórmase do Plan de Convivencia e dos medios e recursos precisos para o seu desenvolvemento. Nas reunións de Departamentos vanse concretando as actuacións, sendo o Departamento de Orientación un dos máis implicados neste labor.

O **alumnado** participa activamente na organización do centro a través dos seus representantes no Consello Escolar e dos seus delegados/as. Na xuntanza anual de delegados que realizamos, todos os anos, ao inicio de curso, solicitamos a súa colaboración na mellora da convivencia no centro.

A relación coas **familias** é, en xeral, satisfactoria. Estas soen amosar interese pola formación dos seus fillos/as e acoden ao centro educativo con frecuencia. Cóntase coa participación de familias dende o Consello Escolar e a ANPA. Ademais, o centro dispón de páxina web, Facebook, Instagram, e varios blogs que ofrecen diversos servizos de información para alumnado e familias (horario de titorías, calendario de actividades complementarias e extraescolares,...).

Tamén colaboramos coa Educadora Familiar do Concello de Monforte, así como coas dos concellos de Pantón e Sober, onde se atopan os nosos centros adscritos, Fundación Botín, o Centro de Prevención de Drogodependencias de Monforte, o CIM de Monforte, Cruz Vermella de Lugo, Fundación ARELA, Fundación Barrié, Centros penitenciarios de Monterroso e Teixeiro,...

CONFLITIVIDADE DETECTADA NO CENTRO, INDICANDO O TIPO E Nº DE CONFLITOS QUE SE PRODUCEN E OS SECTORES IMPLICADOS NESTES

Partimos dunha revisión real do centro, respecto a aspectos relacionados coa participación democrática, as pautas de resolución de conflitos, a igualdade e non discriminación...

Para coñecer a nosa situación real no centro, obtivemos datos/información a partir de:

- Xefatura de estudos en canto a apercebimentos e conflitos entre alumnado nos últimos 5 anos
- Memoria de convivencia do informe/revisión do sistema dos últimos 5 anos
- Departamento de orientación en canto a conflitos entre o alumnado
- Informe de convivencia elaborado pola Consellería de Educación, a través da enquisa de convivencia escolar realizada no curso 2022-23

- Resultados obtidos no estudo internacional Health Behaviour in School-aged Children (HBSC) en España (conta coa colaboración do Ministerio de Sanidade e da Universidade de Sevilla) e no que o noso IES colabora dende hai moitos anos

Segundo os parámetros analizados, a convivencia no centro mellorou ao longo destes últimos oito anos e podemos afirmar que o noso é un **centro pouco conflictivo** en canto a condutas disruptivas e relación entre alumnado se refire. É nos grupos de 1º e 2º de ESO e 1º de FP Básica onde teñen lugar a maior parte dos problemas de convivencia e onde se concentra o alumnado máis disruptivo (neste último curso escolar tamén no Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes). Aínda así, non se observan serios problemas, aparecendo, de forma esporádica, algúns conflitos, relacionados con:

- Desobediencia ou desafíos á autoridade ante calquera actuación a corrixir
- Faltas de respecto
- Insultos
- Problemas de convivencia entre alumnas amigas por mozos
- Faltas de puntualidade
- Alteración da dinámica das clases con ruídos, risas, tirar papeis... improcedentes
- Problemas co uso do móbil nas clases (aínda que en xeral o alumnado aceptou ben a norma de non usar os móbiles no instituto imposta en xaneiro de 2024)
- Abandono da aula sen permiso. Cabe sinalar que, en algunhas ocasións, o alumnado de Bacharelato e ciclos medios cando saben que un profesor vai faltar aproveitan para abandonar o centro antes de que chegue o profesor/a de garda. Os maiores problemas en bacharelato están na época de exames e nalgún alumnado que non participa nas ACE e xa non veñen ao centro
- Problemas co mal uso das redes sociais,...

Con relación ó **absentismo escolar**, agás na ESO onde os casos son esporádicos, no resto dos ensinos, bacharelato, ciclos formativos e FPB, si temos casos de absentismo. Neste último, por tratarse dun grupo que recolle alumnado que quedara en perigo de exclusión do sistema educativo, a desmotivación é maior.

ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS NO ÁMBITO DA CONVIVENCIA E EFECTIVIDADE DESTAS

O Plan de convivencia do centro é o documento no que se recollen as medidas necesarias que propón o propio centro para o fortalecemento da convivencia nel. Non basta con ter e aplicar medidas de carácter sancionador para os problemas de disciplina, tradicionalmente recollidos nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC). Pola contra, é preciso poñer en marcha medidas de carácter educativo en relación coa convivencia, as cales se desenvolverán a través do curriculum, dos procesos de ensinanza-aprendizaxe, na organización do centro, na acción titorial, nos distintos plans e programas educativos, etc. O Plan de convivencia ten, polo tanto, un carácter tanto preventivo como formativo, na medida en que estamos educando en valores democráticos aos futuros cidadáns.

As actuacións realizadas no ámbito da convivencia no noso centro foron:

- Información ao alumnado sobre Dereitos e Deberes recollidos nas NOFC. Isto faise todos os cursos académicos durante unha titoría no mes de setembro.
- Elaboración de normas de convivencia na aula. Realízase nunha titoría ao inicio de cada curso
- Desenvolvemento do PAT
- Conmemoración do Día contra a violencia de Xénero (25 novembro), Día dos Dereitos Humanos, Día da Muller (8 marzo), Día internacional contra o acoso escolar (2 maio) e do Día da Paz (30 xaneiro)
- Dentro do PLAN PROXECTA:
 - Programa QUEROTE +, co alumnado de 3º ESO e FPB
 - Programa Por 365 días de respecto e igualdade
 - Programa Xente con Don, co alumnado de 1º e 2º ESO
- Contratos Programa Inclúe con todas as liñas de actuación:
 - QUÉDA-T para prevención do abandono temperán e do absentismo escolar
 - IGUALA-T para fomento da igualdade
 - CON-VIVE para fomento da convivencia

- INCLÚE-T dende o que desenvolvemos, no último trimestre do curso un **programa afectivo sexual** para toda a ESO a cargo da sexóloga Arola Poch
 - EMOCIONA-T para poñer en valor a importancia das aprendizaxes non cognitivas (emocionais) e para benestar social
- Obradoiros sobre Igualdade de Xénero e Prevención de Condutas Violentas
 - Obradoiro sobre diversidade de xénero en colaboración coa Asociación ARELAS
 - Programa Ktorce-18 da Fundación ARELA
 - Programa prevención de substancias aditivas, en colaboración coa Unidade asistencial de drogodependencias
 - Participación no Plan Director para a Convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos, tratando os seguintes temas:
 - Violencia de xénero e prevención de delitos sexuais
 - Outras adicións: apostas e videoxogos
 - Novas Tecnoloxías e riscos de Internet
 - Acoso Escolar e Ciberacoso
 - Grupo de teatro axudando a combater a introversión e timidez entre outras, aumento da autoestima, fomento das habilidades comunicativas, de relación, sociais, ensina a respectar as diferenzas, a ser máis tolerantes...
 - Reunión de Equipo docente, Equipo directivo e Departamento de Orientación para buscar estratexias específicas para solucionar algún conflito de aula, de ser o caso
 - Coordinación-colaboración con Servizos Sociais, sanitarios, etc.
 - Desenvolvemos dous PFPP coa liña de Convivencia escolar e clima de aula, dende o que se coordinou o Programa de Educación Responsable

Cremos que todas estas actividades desenvolvidas e que seguiremos, na medida do posible, a desenvolver en cursos vindeiros aportaron moito a mellorar o clima no centro nestes últimos anos e, como indicamos máis arriba, podemos dicir que A Pinguela non é un centro conflictivo en canto a

convivencia e que os casos que se detectan de acoso, ciberacoso, maltrato entre iguais, condutas violentas... son moi illados. Esta actividade levounos a que no curso 2022-23 conseguíramos que o noso IES obtivera o **2º premio de boas prácticas inclusivas** de Galicia promovido pola Consellería de Educación. Tamén a que no curso **2017-2018** e ata a data teñamos o **Sello Vida Saludable** que outorga o Ministerio de Educación a aqueles centros que promoven a saúde física e emocional entre todos os membros da comunidade educativa.

3.- Obxectivos específicos

Os obxectivos deste Plan de convivencia han de estar en consonancia cos contidos do Proxecto educativo e co ideario do centro, así como coas medidas e accións recollidas tanto nos distintos niveis de concreción curricular (Proxecto curricular de centro e programacións didácticas), como no Plan de atención á diversidade (PAD), no Plan de acción tutorial (PAT) e nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC).

En termos xerais podemos dicir que os fins do Plan de convivencia son:

- Preparar para a vida social
- Diminuír e prever a aparición de conflitos que poidan xurdir no centro
- Atender á diversidade
- Promover a paz como acción individual e colectiva de todos os membros da comunidade educativa
- Mellorar a convivencia a partir dun programa de intervención sobre as relacións persoais na escola para a resolución dos conflitos
- Educar no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas

Os obxectivos deste Plan de convivencia son:

- I. Potenciar a consecución da non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social
- II. Desenvolver estratexias para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica

- III. Propagar o exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia
- IV. Promover a aceptación social e persoal de todo o alumnado, especialmente de aqueles cun nivel baixo de autoestima
- V. Promover a eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas
- VI. Tomar en consideración as emocións e sentimentos das persoas, a través do diálogo e a conversación, para a mellora das relacións persoais
- VII. Impulsar a acción titorial, consensuando un Plan de acción titorial que axude a traballar os valores, actitudes e normas recollidas neste Plan, dende o punto de vista comunitario, grupal e individual.
- VIII. Consensuar normas xerais de convivencia no centro.
- IX. Participar na prevención e seguimento do absentismo escolar e desenvolver as actuacións necesarias para garantir o acceso e permanencia do alumnado no centro
- X. Adquirir novas formas de relacionarse (conduta asertiva e cooperativa)
- XI. Procurar a mellora da autoestima profesional do docente
- XII. Aproveitar as diversas situacións que se producen no transcurso do curso escolar para que o centro se manteña como espazo de paz e aberto ao contorno
- XIII. Desenvolver no alumnado valores solidarios
- XIV. Promover o benestar emocional dos distintos membros da comunidade educativa

4.- Descrición das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras

ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS CURRICULARES E DE COORDINACIÓN

Actuación 1: poñer en funcionamento a comisión de convivencia, creada no seo do Consello escolar

Actuación 2: poñer en coñecemento da Comisión de convivencia calquera incidencia grave que aconteza ao longo do curso

Actuación 3: plan de acollida do alumnado (recollido no procedemento *PR85ACO- Acollemento alumnado e no método ME85AC01 Guía desenvolvemento acollida do noso manual de calidade*)

- Acollida do alumnado novo que se incorpora ao centro ao inicio de curso
 - Visita dos centros adscritos e charla informativa (febreiro/marzo)
 - Xornada de portas abertas centros adscritos (terceiro trimestre)
 - Xornadas de portas abertas ás familias (en calquera momento do curso concertando cita co director)
 - Recepción do alumnado por niveis o primeiro día de clase por parte da dirección, orientadora e titor/a
 - Entrega de guías ao alumnado
- Acollida do alumnado novo que se incorpora ao centro ao longo do curso.

Actuación 4: Plan de acollida do profesorado: Acollida do profesorado novo que se incorpora ao centro (recollido no *procedemento PR71ACP acollemento de persoal do noso manual de calidade*):

- Recepción pola dirección
- Explicación do funcionamento do centro e visita guiada polo mesmo antes do inicio das clases
- Entrega do caderno do profesor e material complementario

Actuación 5: avaliación inicial en setembro/principios de outubro na que se informa das características do grupo e do alumnado en particular e se toman decisións de acordo ao grupo/alumnado.

Actuación 6: reunións de equipos docentes nos primeiros días do curso, e cando sexa mester, por parte da orientadora do centro informando das características concretas dalgún alumno.

Actuación 7: realización de gardas no tempo de lecer por parte do profesorado: entrada do IES, biblioteca, aula informática, pavillón e xardín do IES.

Actuación 8: Desenvolver o plan de traballo da persoa coordinadora de benestar emocional.

- O centro nomeará cada dous cursos a persoa coordinadora de benestar emocional que desenvolverá as funcións establecidas pola normativa vixente.
- Para a elección da persoa coordinadora de benestar pensamos na orientadora do centro, moi implicada na mellora da convivencia.
- Como anexo deste plan incorporamos o plan de benestar da persoa coordinadora e todos os cursos se concretará na PXA. (ANEXO V)
- A persoa coordinadora ten en funcionamento unha páxina web na que figura todo o traballo que se desenvolve dende o centro no campo do benestar emocional e dende a que se pode solicitar a súa intervención.

ACTUACIÓNS DIRIXIDAS A GARANTIR A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA, INCLUÍDA A FORMACIÓN CO OBXECTIVO DE MELLORAR A CONVIVENCIA ESCOLAR E A RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS

Un aspecto moi importante para acompañar e guiar ao noso alumnado no seu crecemento persoal e social e na súa formación integral é o conxunto de actividades e actuacións que promove o centro co fin de favorecer a convivencia e o diálogo, buscando momentos de encontro para desenvolver valores como a autoestima, solidariedade, alegría, o respecto e a amizade.

Actuación 1: Plan de acollida ás familias (recollido no procedemento PR85ACO Acollida do Alumnado do noso manual de calidade)

- Xornada de portas abertas (durante todo o terceiro trimestre)

- Recepción das familias de ESO, BAC e FP Básica no primeiro mes de clase por parte da dirección, orientadora e titor/a
- Entrega de guías ás familias, específicas por etapas

Actuación 2: impulsar a participación das familias na vida do centro. A comisión de convivencia propondrá ao Consello escolar, cada curso e tras analizar a Memoria-Revisión do Sistema, as actuacións para mellorar a participación na vida do centro, como poden ser:

- Xornadas de portas abertas para o alumnado e pais/nais de sexto curso dos centros de Sober e Pantón, así como para todos aqueles que o soliciten
- Presentación do curso aos pais/nais pola dirección, orientadora e titores (ESO, BAC e FPB)
- Impulso da ANPA no centro, colaborando coa mesma nas actividades que organice
- Organización dalgunha xornada de convivencia, a finais/comezo de curso, entre alumnado
- Participación dos pais/nais en cantas actividades conmemorativas sexa posible, tales como magosto, actos de graduación, actividades de fin de curso...
- Impulso da participación dos pais/nais nos órganos consultivos e de goberno do centro

Actuación 3: impulso da participación do alumnado na vida do centro

- Facilitar espazos para a comunicación e o diálogo: sala de xuntas e salón de actos
- Facilitar o uso, durante o recreo, da aula TIC, biblioteca e pavillón
- Promover a súa representación no Consello Escolar
- Impulsar a participación do alumnado no Club de Lectura, no Club de Ciencia...
- Fomentar a participación do alumnado nos diversos concursos como Que es un rey para ti?, Parlamento Xove, Carta a un Militar... así como naqueles que organiza o centro: postal de Nadal, concurso de relatos de medo, conmemoracións como 25-N ou Letras Galegas...

Actuación 4: impulsar e apoiar a figura dos delegados de clase.

- Dentro do Plan de acción tutorial, contemplarase como actividade de principios de curso o traballo sobre a elección de delegado, así como a celebración de asembleas de clase mensualmente.

- Dende dirección realizarase unha xornada de formación e convivencia de delegados, antes do 15 de novembro.
- Así mesmo, para impulsar a Xunta de delegados, a dirección reunirse con ela como mínimo unha vez ao trimestre, para analizar as súas peticións e consensuar actuacións conxuntas.

Actuación 5: impulsar actividades complementarias e extraescolares conxuntas entre os distintos niveis educativos do centro.

- Organización dalgunha xornada de convivencia ao inicio de curso entre o alumnado novo que vén para 1º da ESO e o que temos en 2º da ESO.
- Xornadas de convivencia durante o curso implicando nas mesmas a todo o alumnado do centro para que convivan os distintos niveis: magosto, Samaín, festival de nadal, entroido...
- Xornada convivencia final de curso para todos os grupos de ESO no parque natural das Illas Atlánticas

Actuación 6: na elaboración do Plan de acción tutorial (PAT), incidir na asunción de valores, actitudes e normas recollidos neste Plan de convivencia:

- Orientación, a través das titorías, levará a cabo actividades de formación do alumnado no uso de estratexias e metodoloxías de aula que incidan na mellora do clima de aula.
- Establecer o Plan de acción tutorial graduado por niveis, cos seus programas específicos, que recolla aspectos do desenvolvemento persoal e social do alumnado a nivel individual e grupal. Aspectos de asertividade e toma de decisións, recollendo as boas prácticas que se veñen levando a cabo ata agora no centro, tanto a nivel organizativo como curricular.

ACTUACIÓNS DIRIXIDAS Á PREVENCIÓN DE CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA

Actuación 1: continuar a traballar dentro do programa de Educación Responsable que vimos desenvolvendo nos últimos anos, en colaboración coa Fundación Botín e a Xunta de Galicia, para favorecer o crecemento físico, emocional, intelectual e social do alumnado, promovendo a comunicación e mellora da convivencia. Neste programa desenvolvemos diversos obradoiros como o **coro de emocións**, onde se traballa a expresión corporal e a escoita activa, **Reflexarte** relacionado coa expresión gráfica, **Literatura e emocións**, para desenvolver as dotes artísticas e literarias e, por último, o **banco de ferramentas**, no que se traballan aspectos relacionados coas emocións, desenvolvemento

social e ansiedade. Este último é unha ferramenta imprescindible para apoio das titorías a proposta do Departamento de Orientación.

Actuación 2: obradoiros sobre igualdade de xénero ao longo do curso.

Actuación 3: obradoiros sobre acoso escolar e ciberacoso. Plan Director da Convivencia do Ministerio de Interior, Programa Navega con Rumbo...

Actuación 4: desenvolvemento de diversos programas relacionados coa convivencia: Quérote+, Programa Ktorce-18, Programas sobre prevención de acoso escolar e condutas infractoras, Programa Educar en Xustiza, Programa Por 365 Días de Respeto e Igualdade...

Actuación 5: grupo de teatro

Actuación 6: intercambios escolares con alumnado de Francia e Italia.

Actuación 7: solicitude da participación de programas do Ministerio de Educación e da Xunta de Galicia que fomenten a convivencia entre iguais e con outros centros educativos: Agrupación de Centros Educativos, Rutas Artísticas, Científicas e Literarias, Pueblos Abandonados, Programa de Educación Ambiental...

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, A DETECCIÓN E O TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

Dentro do marco xeral de actuación do Plan de acción titorial co obxectivo da prevención do acoso escolar, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Estratexias para combater o acoso e o ciberacoso levadas a cabo desde as titorías:

- Actividades para o reforzo da autoestima e o autoconcepto
- Actividades para a resolución pacífica de conflitos
- Elaboración de sociogramas para a detección e prevención de posibles casos de acoso
- Actividades dirixidas a aprender a convivir e a favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais para contribuír á prevención do acoso e o ciberacoso

b) Obradoiros e charlas:

- Conferencia das Forzas de Seguridade do Estado sobre:

- Acoso escolar
 - Uso adecuado de redes sociais e novas tecnoloxías
- Outras que se organicen cada curso escolar en función das necesidades detectadas en cada grupo e que aparecerán recollidas na Memoria anual/informe revisión do sistema.

C) Respecto aos equipos informáticos do centro:

- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos a cada hora...) e supervisión das mesmas por parte do coordinadores TIC e Edixgal do centro.
- Difundir as normas de uso dos equipos na aula (que pode facer e non facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro compañeiros, onde pode ou non pode acceder...).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan -co seu coñecemento-, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados...)

Unha vez detectado un posible inicio de acoso/ciberacoso intentaremos sempre intentar arranxar o conflito mediante unha mediación e, de ser o caso, aplicaremos o protocolo que a Consellería de Educación ten establecido para estes casos.

MEDIDAS QUE SE PODEN APLICAR NO CENTRO PARA PREVIR, DETECTAR, MEDIAR E RESOLVER OS CONFLICTOS QUE POIDAN XURDIR

Medidas para previr:

- Sensibilizar á comunidade educativa sobre o dereito e o deber de asistencia ao centro
- Favorecer un clima de respecto, corrección e trato amable entre todos os membros da comunidade educativa
- Ao inicio de curso elaboraranse as normas de aula, consensuadas polos membros de cada grupo e coordinadas polo titor/a e deberán estar en consonancia co plan de convivencia. Algúns dos criterios para a súa elaboración:
 - Tratarase de normas en positivo, poucas, coñecidas por todos, fáciles de entender, claras, concretas, realistas e xustas

- Redactaranse en primeira persoa, para que inviten a implicarse con elas facelas propias
 - Serán estables durante todo o curso e estarán baseadas nos valores de convivencia da comunidade educativa
 - Incluirán as consecuencias do seu incumprimento, dende unha lóxica reparadora en vez de punitiva, sen entrar en conflito coas normas do centro ou coa lexislación vixente
 - É responsabilidade do profesorado do grupo velar polo cumprimento das normas de aula
- Control da asistencia e de puntualidade do alumnado por parte do profesorado.
 - Establecer e dar a coñecer ao alumnado e as familias as normas de organización funcionamento e convivencia (NOFC)
 - Dende Orientación levarase a cabo o Plan de habilidades sociais, incorporado no PAT, para que o alumnado coñeza estratexias para comunicarse e afrontar mellor aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social.
 - Contidos transversais. Aproveitaranse situacións cotiás da aula para conectar contidos académicos con outros de carácter transversal: educación moral e cívica, para a paz, educación ambiental, educación para a saúde, educación do consumidor, etc.
 - Levaranse a cabo titoría persoais, de periodicidade variable segundo a idade do alumnado.
 - Realizaranse talleres e clases sobre como utilizar con responsabilidade internet e as redes sociais.
 - Realización de viaxes e actividades culturais que axudan a crear cohesión do grupo fóra da aula.

Para detectar:

- Na sesión de xunta de delegados de inicio do curso promover a colaboración coa dirección do centro e orientación ante calquera conflito que detecten na aula ou centro.
- Na ESO faranse titorías persoais cos pais, polo menos unha vez ó trimestre para falar da evolución do seu fillo/a. Axudan a detectar problemas de convivencia.
- Ante calquera notificación de conflito, dende orientación e/ou xefatura de estudos abrírase unha investigación para saber a realidade do que aconteceu e actuar en consecuencia.

Para mediar e resolver conflitos:

- Técnicas de mediación que se desenvolverán dende xefatura de estudos e orientación para invitar ó alumnado a aprender a resolver entre eles os conflitos que xurdan entre si, axudados dunha terceira persoa adulta.
- Establecer protocolos de actuación ante o incumprimento das normas do centro.
- Utilizar a aula de convivencia do centro como un recurso para facilitar a reflexión do alumno/a sobre a súa conduta que impide o normal funcionamento do grupo/clase (anexo III Ficha de Reflexión)

MEDIDAS OU PROGRAMAS ESPECÍFICOS PARA PROMOVER A CONVIVENCIA NO CENTRO QUE FOMENTEN O DIÁLOGO, A CO-RESPONSABILIDADE E A CULTURA DA PAZ

- Plan director da convivencia
- CP Inclúe: INCLÚE-T, CONVÍVE-T, IGUÁLA-T, EMOCIÓNA-T e QUÉDA-T
- Programa de educación Responsable
- Actividades de convivencia dentro e fóra do centro
- Programa de habilidades sociais
- Programa Ktorce-18
- Programa Quérote+
- Plan de benestar emocional
- Outro adecuados ao fin referido

5.- Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar

Son moitas as ocasións nas que se reciben denuncias de acoso cando realmente se trata de actos illados de violencia, polo que é fundamental en primeiro lugar diferenciar estas dúas situacións.

O acoso escolar é calquera forma de vexación ou malos tratos **continuados no tempo** recibida por un alumno/a por parte doutro/os iguais, de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluíndo illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas

realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación **que xurda no ámbito escolar**. As súas características máis importantes son:

- Continuidade no tempo
- Desigualdade, desequilibrio de poder físico, psicolóxico, numérico e/ou social entre a vítima e a persoa acosadora
- Intencionalidade

Dentro do marco xeral de actuación do Plan de acción tutorial co obxecto da prevención do acoso escolar e ciberacoso levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Estratexias para levar a cabo dende o centro:

- Na paxina web do centro exporase o procedemento de actuación ante situacións de acoso escolar.
- Colocarase cartelería polas instalacións comúns do centro sobre a necesidade de denuncia do acoso escolar e sobre como pedir axuda.
- Na xornada de formación de delegados de inicio de curso tratarase este tema e solicitarase colaboración dos delegados para estar alerta no mesmo.
- Creación dun punto laranxa no centro onde calquera alumno/a poida solicitar axuda e denunciar situacións de acoso propia ou allea. Estará ubicado na entrada do edificio principal do instituto. Tamén hai un punto laranxa virtual dispoñible na web do centro.

b) Estratexias para levar a cabo dende as titorías:

- Actividades para o reforzo da autoestima e o autoconcepto
- Actividades para a resolución pacífica de conflitos
- Proxectaranse vídeos sobre o acoso escolar e como afrontalo polos diversos membros da Comunidade educativa
- Actividades dirixidas a aprender a convivir e a favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais para contribuír á prevención do acoso e o ciberacoso
- Dende orientación, promoverase a lectura de diversos libros que traten o tema de acoso escolar (abril/maio)

c) Obradoiros e charlas:

- Charla da Policía Nacional (Plan Director) sobre acoso escolar
- Charla da Policía Nacional (Plan Director) sobre uso adecuado de redes sociais e novas tecnoloxías
- Outras que se organicen cada curso escolar en función das necesidades detectadas en cada grupo e que aparecerán recollidas na memoria anual/informe revisión do sistema

d) Respecto aos equipos informáticos do centro:

- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos a cada hora,...) e supervisión das mesmas por parte do coordinador das TIC no centro.
- Difundir as normas de uso dos equipos na aula, (que pode facer e non facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro compañeiros, onde pode ou non pode acceder,...).
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan- co seu coñecemento-, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados,...)

Unha vez detectado un posible acoso/ciberacoso intentaremos sempre intentar arranxar o conflito mediante unha mediación se esta é factible e, de ser o caso, aplicaremos o protocolo que a Consellería de Educación ten establecido para estes casos:

PRIMEIRA FASE. COMUNICACIÓN DOS FEITOS E PRIMEIRA VALORACIÓN

- Calquera persoa coñecedora dunha posible situación de acoso deberá informar ao equipo directivo do centro o antes posible.
- Anexo I. Rexistro de comunicación dos feitos que deberá ser cuberto pola dirección do centro
- Anexo II. Constitución do equipo ACAE
- Anexo III. Primeira valoración dos feitos que levará a apertura ou non de investigación
- Comunicación á inspección (só no caso de apertura de investigación)

SEGUNDA FASE. INVESTIGACIÓN E DITAME

- Observación directa e sistemática nas zonas de risco (patios, corredores, entradas e saídas, cambios de clases, comedor...) co fin de recoller datos sobre as relacións do alumnado no centro, as características das súas interaccións, os niveis de agresión existentes, as actuacións en que se producen agresións...
- Entrevistas que o equipo ACAE estime oportunas. Nesta fase de investigación non é obrigatorio informar ás familias/representantes legais.
 - Entrevista individual á posible vítima. Citación a unha entrevista
 - Entrevista individual as posibles persoas acosadoras. Citación a unha entrevista
 - Entrevista á persoa que informa dos feitos (de ser o caso)
 - Entrevista individual coas persoas espectadoras/testemuñas. Citación a unha entrevista
 - Entrevista individual ás familias. Citación para entrevista ás familias da persoa presuntamente acosada e da persoa/s presuntamente acosador/es
 - Nomeamento da persoa á que se lle ofrece ser acompañante durante a entrevista
- Poderanse adoptar medidas inmediatas, no caso de consideralo necesario, tales como acompañamento da posible vítima por persoas da súa confianza ou a separación das persoas implicadas nos lugares de uso común entre outras.
- Anexo IV. Ditame no que se confirma/descarta o posible acoso
 - Se se descarta a posible situación de acoso: proceso concluído
 - No caso de confirmarse: apertura formal do protocolo de acoso e /ou ciberacoso escolar. Designación dunha persoa responsable de atención á presunta vítima, que, agás que haxa un profesor máis próximo, será o titor/a do grupo quen leve a cabo esta actuación (anexo V)

TERCEIRA FASE. APERTURA DO PROTOCOLO

- Comunicación ás familias, se se trata de menores de idade
- Comunicación á inspección educativa
- Reunión coas persoas implicadas en presenza da familia ou dos/as representantes legais

CUARTA FASE. PECHAMENTO DO PROTOCOLO

- Anexo VIII. Comunicación por parte do equipo ACAE de pechamento do protocolo que pode descartar ou confirmar a situación de acoso e/ou ciberacoso
- Derivación ao procedemento corrector, de ser o caso
- Peche do procedemento corrector, de ser o caso
- Comunicación ao alumno/a e ás familias
- Comunicación á inspección educativa

QUINTA FASE. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

- Primeiro mes: recollida de información quincenalmente
- Segundo mes en adiante: recollida de información mensualmente o tempo que se considere necesario.
- As follas do seguimento serán entregadas ao finalizar o curso á dirección do centro e formarán parte do expediente do protocolo

6.- Concreción, en cada unhas das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución

Dende o instituto temos establecidos uns protocolos concretos para levar a cabo no centro e que están publicados na páxina web do centro:

- **PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO** (na páxina web do centro -> Documentos de Centro)
- **PROTOCOLO DE IGUALDADE** (na páxina web do centro -> Documentos de Centro)
- **GUÍA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL** (na páxina web do centro)

Por outra parte, a Consellería de Educación recolle no espazo **educonvives.gal** protocolos incluídos na Estratexia galega de convivencia escolar que debe incluír o Plan de Convivencia do IES A Pinguela, e que polo tanto aparecen publicados na nosa web do centro:

➤ **PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN DO RISCO SUICIDA NO ÁMBITO EDUCATIVO**

<https://centros.edu.xunta.es/iesapinguela/web/protocolosxunta/protocolos/xunta/Risco%20Suicida.pdf>

➤ **PROTOCOLO DE PROTECCIÓN DE DATOS**

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo de proteccion de datos per soais 20out.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo%20de%20proteccion%20de%20datos%20per%20soais%2020out.pdf)

➤ **GUÍA DE ACTUACIÓN ANTE CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO NO ÁMBITO EDUCATIVO**

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guiaviolenciaxenero 0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/guiaviolenciaxenero%200.pdf)

➤ **PLAN INTEGRAL CONTRA O ACOSO E O CIBERACOSO ESCOLAR**

[https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo educativo para a prevencion deteccion e tratamento do acoso e ciberacoso escolarpdf 1.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/protocolo%20educativo%20para%20a%20prevencion%20deteccion%20e%20tratamento%20do%20acoso%20e%20ciberacoso%20escolarpdf%201.pdf)

➤ **PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR**

[https://centros.edu.xunta.es/iesapinguela/web/protocolosxunta/protocolos/xunta/protocolo de absentismo escolar.pdf](https://centros.edu.xunta.es/iesapinguela/web/protocolosxunta/protocolos/xunta/protocolo%20de%20absentismo%20escolar.pdf)

7.- Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa

DEREITOS DE DEBERES DO ALUMNADO

A concreción dos dereitos e deberes do alumnado aparecen recollida nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) publicado na nosa Web.

DEREITOS E DEBERES DOS PAIS/NAIS/TITORES

A concreción dos dereitos e deberes dos pais/nai/titores aparecen recollida nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) publicado na nosa Web.

DEBERES E DEBERES DO PROFESORADO

A concreción dos dereitos e deberes do profesorado aparece recollida nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) publicado na nosa Web.

DEBERES E DEBERES DO PERSOAL NON DOCENTE QUE PRESTA O SEU SERVIZO NO CENTRO

A concreción dos dereitos e deberes do persoal non docente aparece recollida nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) publicado na nosa Web.

8.- Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán

As condutas contrarias ás normas de convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento aparecen recollidas nas Normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) publicado na nosa Web.

9.- Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de pais e nais

Seguindo a normativa vixente, a comisión de convivencia constituirase no seo do seu consello escolar e terá carácter consultivo. Estará composta por:

- Persoa titular de la dirección del centro que actuará de presidente
- Xefa de estudos
- Xefa de estudos de adultos
- Un representante do alumnado
- Un representante do profesorado
- Un representante das familias

- Un representante do persoal de administración e servizos
- Seguindo o documento de educonvives.gal a orientadora do centro

Os seus membros poden coincidir cos de consello escolar pero non teñen porque ser os mesmos necesariamente.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, e en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada polo seu presidente, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, dunha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia poderá solicitar o asesoramentos do dpto. de orientación do centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador social do concello ou de outros profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan mellorar na convivencia.

A renovación dos representantes do profesorado e do alumnado da Comisión será cada 2 anos ou cando algún dos membros causen baixa e deixen de ser membros da comunidade educativa.

As funcións da Comisión de Convivencia, recollidas na normativa son:

- Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello social as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

- Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello social sobre o grao de cumprimento da normativa vixente. Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- Aquelas outras que lle sexan encomendadas polo consello social do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

10.- Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno

A.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO

O equipo directivo debe favorecer un bo clima de convivencia no centro, facendo prevención pero tamén intervir para resolver aqueles conflitos que poden xurdir e afectar á convivencia.

O mecanismo de coordinación estableceranse dende os procedementos habituais: CCP, claustro de profesorado, Consello escolar e equipos docentes. Os distintos departamentos didácticos, baixo a coordinación dun xefe de departamento, tamén manterán espazos e tempos para a coordinación e a colaboración, deixando reflectido nas súas programacións didácticas un apartado relativo a convivencia ou a forma de integrar contidos de xeito transversal.

O departamento de orientación debe asesorar en todo momento e favorecer os procesos de coordinación e colaboración, participando activamente en materia de convivencia. Traballará en estreita relación con xefatura de estudos.

O claustro de profesorado estará implicado e participará en todas aquelas actividades de convivencia que se consideren oportunas, a nivel complementario e extraescolar, buscando e fomentando un ambiente de colaboración que influirá positivamente no alumnado e nas familias.

B.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN COAS FAMILIAS

Tanto as familias como o instituto son dous contextos que teñen un papel fundamental na maduración da nosa mocidade. O noso alumnado no instituto non só aprenden contidos académicos senón tamén a

relacionarse na sociedade (relación co profesorado, con outro alumnado do seu grupo, doutros cursos, doutros niveis educativos, incluso doutros centros, fan amigos, relación con outros profesionais que non poden visitar...) ademais de adquirir como valores sociais. Hai que educar tamén para a vida e é por elo que a relación entre o centro e as familias debe ser moi fluída. O centro establecerá mecanismos formais de coordinación coas familias na representación do Consello escolar. Dende inicio de curso estableceranse reunións coas familias do alumnado menor de idade, sobre todo na ESO, para informar da organización e funcionamento do centro. A maiores se lles comunicará as vías de coordinación e colaboración, moi necesarias, coas horas de atención ás familias por parte dos titores e equipos docentes (publicadas na nosa web).

Intentaremos implicar á Asociación de Nais e Pais do alumnado (ANPA) para que colaboren o bo clima no centro. O centro colaborará coa ANPA para tratar aqueles temas que poden ser de preocupación para estas, como é o caso do acoso escolar.

C.- COORDINACIÓN E COLABORACIÓN CON ORGANISMOS DO CONTORNO

Traballamos con outros organismos do contorno coa finalidade de desenvolver accións comúns que fomenten un axeitado clima de convivencia:

- Colaborar co Concello de Monforte de Lemos nos programas relacionados coa convivencia que dende o mesmo se promovan (Plan de prevención de drogodependencias, programa de igualdade...).
- Colaborar con outros organismos que incidan na convivencia escolar (policía, fiscalía de menores, servizos sanitarios...).
- Coordinación con organizacións non gubernamentais e asociacións do contorno para levar a cabo programas e proxectos comúns que melloren o clima de convivencia (Fundación Botín, Asociación Arela, CIM do Concello de Monforte, Fundación Barrié, Centro penitenciario de Monterroso...)

11.- Estratexias para realizar a difusión do plan de convivencia

O contido íntegro deste Plan de convivencia será posto a disposición de todos os membros da comunidade educativa a través da páxina web do centro.

O alumnado coñecerá os puntos principais de dito plan a través da Xunta de Delegados e o proceso de acollida cos titores no mes de setembro.

12.- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan de convivencia

A modo de conclusión, compre sinalar que este plan responde a un desexo de mellora e prevención da convivencia porque tras a análise da problemática do noso instituto púidose comprobar que o estado da nosa convivencia non amosa graves conflitos. Unha vez que se poña en práctica o presente plan, ao final de cada curso comprobarase se houbo melloría e cales foron as súas causas. En función dos resultados desta implantación deseñaremos propostas para mellorar os puntos débiles detectados.

Farase unha **avaliación anual** do Plan de convivencia, **no mes de xuño, a través da comisión de convivencia**. Tendo en conta a avaliación realizada, elaborárase un informe no que se especificarán os seguintes puntos:

- Accións que se desenvolveron.
- Conflitos máis frecuentes e intervencións que se levaron a cabo.
- Propostas de mellora para o seguinte curso.

O Consello escolar, en pleno, por proposta da súa comisión de convivencia, aprobará a memoria do plan de convivencia elaborada por esta. Esta memoria formará parte da memoria anual de centro/informe revisión do sistema.

Este Plan de Convivencia terá unha avaliación continuada que xorda da súa aplicación práctica, polo que estará suxeito a revisións para incorporar/modificar, calquera mellora que se detecte.

MODIFICACIÓNS PLAN DE CONVIVENCIA		
DATA	PÁXINA	MODIFICACIÓNS

Este Plan de convivencia foi aprobado polo Consello Escolar do IES A Pinguela o 6 de xuño de 2024 entrando en vigor ao día seguinte da súa aprobación. Estará en vigor o prazo legalmente establecido e seguirá aplicándose de xeito retroactivo ata a publicación dun novo Plan de convivencia.

O director

A secretaria

Asdo.: Enrique Sampil Sánchez

Asdo: M^a José Vidal Álvarez

13.-Anexos

Anexo I: espacio de convivencia

O alumnado non pode ser privado nunca do seu dereito a educación.

Finalidade: Ter un tratamento individualizado do alumnado que, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha das conductas tipificadas no artigo 42 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro de convivencia e participación e da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas.

Obxectivo:

- Converterse nunha alternativa á expulsión do centro para aquel alumnado sancionados con esta medida.
- Favorecer un proceso de reflexión, por parte do alumnado que sexa atendido na mesma, acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela.
- Que o alumnado comprendan as repercusión que ten a súa conduta para si mesmos e para os demais.
- Resolución dos conflitos de xeito pacífico dende o diálogo e a reflexión.
- A expulsión no favorecería a corrección da conducta e non é percibida polo alumno como castigo.

Alcance: Alumnado de ESO e FPB-1

Casos: ante unha conduta disruptiva dun alumno/a na aula que implique saída da mesma, enviarase ao alumno/a en cuestión ao profesorado de garda xunto coa tarefa que debe realizar durante o resto desa sesión. Esta expulsión irá sempre acompañada do apercibimento correspondente para poñelo en coñecemento da súa familia. O profesorado de garda acompañará a este alumno/a o espazo de convivencia onde lle dará a ficha de reflexión para que a cumprimente e logo continuará coas tarefas ou actividades que estableza o profesor que remite ó alumno.

Se un alumno é reincidente na súa conduta poderá ser derivado tamén a este espazo de convivencia ata un máximo de 2 xornadas completas. Para estes casos teremos dous días concretos da semana e será o profesorado de garda o encargado de traballar con este alumnado. Poderase asignar profesorado de garda específico para atender este alumnado. Será xefatura de estudos, xunto co titor/a do alumno e/ou orientador/a quen determinen a necesidade de envialo o espazo de convivencia.

Neste segundo caso a dirección comunicará a resolución ó alumno e á familia mediante escrito. A titora chamará ós pais do alumno para informalos telefonicamente. Informarase tamén a Comisión de Convivencia, sempre e cando a medida non proveña da propia Comisión. O titor informará ó profesorado encargado do espazo de Convivencia e lle facilitará o material, tanto formativo como a ficha de reflexión, que deberá facer o alumno/a. Este material formativo debe facilitarlle o equipo docente, para non interromper o seu proceso formativo.

Por último, levarase a cabo un seguimento do alumno/a por parte do titor/a, orientador/a e profesor responsable, nese momento, do espazo de convivencia.

As condicións que se establecen para derivar a un alumno/a ó espazo de Convivencia son:

- Número máximo de veces: en función de cada caso persoal.
- Número máximo de días: 2 por cada sanción.
- Número máximo de horas: 6 horas ó día.
- Número máximo de alumnos/as xuntos: 3, con prioridade do alumnado de 1º de ESO.

O espazo de Convivencia será dirixido pola responsable do departamento de orientación sendo este departamento o encargado de fixar as estratexias individuais que mellor conveñan en cada caso.

As actuacións do Departamento de Orientación encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte de cada alumno/a que sexa atendido neste espazo acerca das circunstancias que motivaron a súa presenza nela serán:

- Elaboración de fichas de reflexión e de materiais para o desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais do alumnado derivado á Aula de Convivencia.
- Entrega ó profesorado que atenda a aula de convivencia dunhas pautas básicas para facilitar a reflexión do alumnado.
- Manter entrevistas individualizadas co alumnado e coas familias do mesmo.
- As fichas de reflexión que cumprimentan o alumnado serán entregadas en orientación polo profesorado que o atendeu no espazo de convivencia.
- Ante calquera confidencialidade que deba coñecer o titor, orientación deberá informar o mesmo.

A **sala de xuntas**, será o espazo de convivencia onde haberá un estante co material necesario.

ANEXO II: caderno de convivencia

NOME DO ALUMNOI	CURSO E GRUPO	HORA	PROFESOR QUE DERIVA	ATENDIDO POR	REALIZA AS TAREFAS DE REFLEXIÓN	REALIZA AS TAREFAS QUE LLE ENCOMENDAN	OBSERVACIÓNS

ANEXO III: ficha de reflexión

Data:

Hora

Nome

Curso

Grupo

Profesor/a

Materia

Todas as persoas cometemos erros. O problema non está no erro en si mesmo, senón nas causas que o provocan e nas actitudes negativas que traen como consecuencia. Polo tanto, para saír do erro, teremos que reflexionar, auto-observarnos e coñecer as causas que nos levaron a tal actitude ou acción.

1. Describo que me pasou para que me mandaran á Aula de Convivencia:

2. Porque actuei dese xeito?

3. Como me sinto?

4. Quero resolver esta situación?

5. Que podo facer para resolvela?

6. A decisión que tomo é (pedir perdón, reparar o dano ocasionado...):

Sinatura do alumno

Anexo IV Plan de igualdade

Aparece publicado na nosa web

Anexo V: plan de benestar emocional

Pendente de elaboración neste curso e estará a disposición na web do centro

Anexo VI: pautas para previr a disrupción

Seguindo a M^a Victoria Trianes, para previr a disrupción:

Respecto ao trato persoal co alumnado

- Demostrar respecto e educación no trato cos alumnos e alumnas, o que implica.
 - Respecto polo alumnado, o que nos impide ser ferintes mesmo cando estamos enfadados ou no trato con alumnos/as difíciles.
 - Ter capacidade de manexar a propia indignación.
 - Ter sentimento de autoestima estable que nos permita non converter cada provocación do alumnado nun ataque persoal.
 - Ter a capacidade de poñerse no lugar do alumnado e comprender os seus motivos.
 - Usar un tono de voz adecuado.
- Valorar individualmente a cada un dos nosos alumnos.

O/A alumno/a debe sentirse aceptado/a e valorado/a como persoa, polo que “é” con independencia do que faga. As condutas inadecuadas deberán ser corrixidas ou sancionadas como corresponda. Trátase de ser capaces de separar a persoa do problema. Ser tan “duro” como sexa necesario co problema pero sempre amable e respectuoso coa persoa.

- Axudar ao alumnado a resolver os seus problemas persoais.
 - Axudalo nos seus problemas académicos.

Respecto a xestión da aula

- Ter un criterio fixo para distribuír ao alumnado na aula.

Inicialmente pode ser un criterio máis ou menos arbitrario ou ó azar (orde alfabética) pero a medida que vaíamos coñecendo o alumnado xa dispoñemos doutros criterios para a súa situación na aula. Non debemos deixar que sexan eles/as quen determinen o seu lugar, de xeito que o alumnado máis desmotivado, disruptivo ou problemático se xunte nos lugares menos controlables e accesibles.

- Prestar atención a interacción non verbal e paraverbal

Un/unha profesor/a que multiplica o contacto non verbal e paraverbal co seu alumnado, e que se move con frecuencia pola clase, distribuíndo a súa atención entre todos os alumnos e alumnas, prevén as condutas disruptivas mellor que aquel que se parapeta detrás dunha mesa.

- Reacción inmediata ante unha interrupción.

Utilizar tanto xestos (ollar ao que interrompe, achegarse e tocarlle a mesa, tomar nota ollando ao que fala...), como signos verbais, preferentemente, mensaxes breves (citar o nome do/da que está a falar ou distraído/a, convidalo/a a participar, dar ordes breves xerais, ou particulares como “o libro”..). A eficacia das mensaxes breves, tanto xestuais como verbais, contribúe ao uso da pausa táctica. Se comprobamos que a conduta non se detivo, lembraremos a norma en termos de necesidades, dereitos, deberes... Este tipo de resposta reforza os límites e á vez dá confianza e tranquilidade: non agredimos, nin ofendemos nin ridiculizamos, polo que ninguén debe salvar a súa imaxe enfrontándose a nós.

- Reparto de tarefas na aula.

Este elemento é probablemente o que máis desapercibido acostuma pasar. Abonda observar unha clase, sobre todo en secundaria, para comprobar que o/a profesor/a ten que facerse cargo a diario de entre vinte e corenta pequenas tarefas (repartir papeis e fichas, transportar material, apagar luces, tomar notas, etc.), cuxa duración non chega ao minuto, á hora de preparar e xestionar as actividades. Tal exercicio, ademais de resultar esgotador para o/a docente, favorece a aparición de condutas disruptivas nun alumnado que asiste a todo iso sobre todo como espectador. Debemos procurar repartir responsabilidades e tarefas entre o alumnado (encargado/a de, responsable de ...) o que actúa coma unha estratexia antidisrupción por si mesmo ao tempo que estamos en disposición de atender a clase. Outra posibilidade de reparto de responsabilidades aparece na axuda entre iguais, colocando ós/ás

alumnos/as más rápidos xunto a outro/as máis lentos/as de xeito que rematada a súa tarefa poidan axudar ao seu compañeiro/a.

- Uso do eloxios e reforzos positivos.
- Establecer os reforzos adaptados ás. capacidades e intereses de cada alumno (adaptacións curriculares ou ampliación de contidos ao alumnado que o precise)
- Axudar a coidar o espazo no que conviven evitando os deterioros, podemos tentar que se sintan orgullosos/as da súa clase para que a coiden: expoñer os seus propios traballos, fotos...
- Ter normas común no equipo docente: Se unha clase é moi ríxida e outra nada, aumenta o risco de disrupción. Estas normas poderán ser revisables en función da marcha do grupo.

Anexo VII: pautas para afrontar casos de disrupción

1. Non o tomemos coma un problema persoal

Existen múltiples razóns e motivos polos que un alumno ou alumna pode amosar condutas disruptivas: actividades pouco motivadoras, excesivas horas de clase, necesidade de facerse valer diante dos outros, reclamar atención do profesorado ou dos iguais, etc. É moi posible que o/a alumno/a disruptivo estea a facer un exercicio de poder, intente amosar que controla a situación ou que trate de facerse valer diante dos seus compañeiros e compañeiras interrompendo a actividade docente, antes que un intento de afrontar directamente ao profesor ou profesora. En calquera caso, o feito de prestarlle atención supón que consegue os seus obxectivos e polo tanto que se reforza a conduta disruptiva.

2. Debemos ignorar as condutas leves e puntuais e demorar a resposta das máis persistentes.

Non prestar atención á conduta disruptiva pode conducir a que o alumno/a desista desa interrupción, en todo caso reducirá a probabilidade de que no sucesivo se reproduzan condutas similares que non conseguen o efecto desexado.

Moitos autores manteñen a importancia de evitar o acto disruptivo ou a chamada de atención e centrar a acción na tarefa. Isto supón non prestar atención directa ó/á alumno/a que “ex profeso” fai xestos de desacordo nese preciso intre, senón máis ben esperar o momento en que estea a traballar para

apoialo/a na súa boa conduta. En termos educativos: mostrarlle o reforzo cando faga algo ben en lugar de lle emprestar a atención cando estea a realizar a acción que retarda a marcha do proceso de aula.

Saber non prestar atención á disrupción significa mandar mensaxes non verbais nos que se dea por entendido que o/a profesor/a é consciente do que está a ocorrer e á vez avanzar no proceso de aula no que está inmersa a clase centrando o interese no grupo. Neste terreo a linguaxe non verbal é unha peza clave. Con accións de baixa intensidade de disrupción, un xesto, unha ollada é suficiente. Dunha maneira non verbal estáselle a indicar “ti sabes que estou aquí e que me estou dando conta”. A mensaxe non-verbal actúa como recordatorio ou reforzo.

3. Intentemos controlar as condutas máis persistentes a través da linguaxe non verbal.

Temos que procurar que a conduta disruptiva dunha pequena parte do alumnado non altere a marcha da actividade docente. Non paremos a súa actividade para “chamar a atención” ó alumnado disruptivo. Iso é o que, consciente ou inconscientemente, busca na maioría das ocasións. Se o alumno/a consegue parar a clase, estaremos reforzando esas condutas. A demostración de poder que pode significar iso diante dos iguais é un reforzador moito máis poderoso que calquera motivación positiva ou ameaza que o profesorado poida utilizar.

Cos/as alumnos/as máis socializados/as o feito de pasar ao seu lado, un xesto ou unha indicación silenciosa van ser moito máis efectivas que unha ameaza verbal. Ademais pode conseguilo sen alterar a marcha da clase. Ocasionalmente, podemos chamalo individualmente e facerlle ver o inadecuado da súa conduta nunha entrevista individual. (lembrems: os eloxios en público e as reprimendas en privado).

4. Nunca debemos entrar nunha discusión co alumno ou alumna diante da clase.

Discutir cun/cunha alumno/a disruptivo/a diante dos seus iguais significa provocar unha escalada do conflito xa que entramos nunha dinámica de enfrontamento na que un dos dous debe resultar gañador e o alumno/a non consentirá en “perder” a batalla diante dos seus compañeiros.

Se non é unha intervención absolutamente imprescindible (o alumno/a pode causar lesións ou danos inmediatos a outro/a alumno/a) debemos evitar o contacto físico co alumno/a conflictivo/a. Se o alumno ou a alumna se nega a saír da clase, se nos ameaza a nós ou ao resto do alumnado, etc. sempre é

preferible que un profesor/a de garda ou un membro do equipo directivo non implicados directamente no conflito, serenos e tranquilos se encarguen de atender ó/á alumno/a.

5. Non debemos retar, desafiar ou ameazar a un alumno/a diante da clase.

(Tampouco debemos facelo en privado, pero iso ten menos que ver co tema que tratamos)

Se un/unha alumno/a protesta ás nosas indicacións ou nos reta abertamente evitemos caer na provocación e entrar nunha situación de descontrol. Perder os papeis por parte do profesor/a e entrar nun estado de enfado incontrolado pode supoñer moitas horas de traballo para recuperar a relación normal co grupo. Invitemos serenamente ao alumno/a que abandone a aula por un tempo para tranquilizarse, ou que se dirixa á xefatura de estudos polo que resta da clase. Se se resiste fagamos que alguén chame ao profesor/a de garda ou ó persoal de dirección para que se faga cargo del/a.

Sexa cal sexa o nivel ao que chegue a disrupción, intentemos abordar o problema posteriormente nunha entrevista individual, na que se analice o problema co/coa alumno/a nun ambiente calmo e tranquilo, amosándonos seguro/a á hora de condenar a conduta disruptiva pero amosándonos sempre que se comprende e se acepta a persoa e intentando buscar unha saída airosa para o implicado e propostas positivas para o futuro.

6. Sexa cal sexa o problema, teñamos en conta que non estamos sos e non debemos actuar sos.

Contemos o noso problema aos compañeiros/as de departamento, aos que departen na cafetería ou na sala de profesores. Se nos sentimos intimidados/as ou molestos/as ao profesor/a que nos inspire máis confianza. Eles/Elas saberán orientarnos cos seus consellos sobre a situación concreta ou axudarnos a buscar orientacións no equipo directivo, o departamento de orientación, etc.

Pidamos axuda e orientación no equipo directivo, eles saberán orientarnos para que resolvamos os nosos problemas coa axuda do propio equipo directivo, o Departamento de Orientación, compañeiros/as con máis experiencia nesa situación, inspección educativa...

7. Condutas do profesorado que poden favorecer a disrupción

- Non chegar a tempo
- Saír antes
- Falta de respecto ó alumnado

- Non levar a clase preparada
- Non propiciar a participación
- Magnificar os fracasos do alumnado
- Invisibilidade do éxito
- Atención selectiva
- Falar polo móbil
- Expulsar de clase
- Non escoitar
- Non ser obxectivo ao resolver conflitos
- Non pedir nunca desculpas
- Non chamar os rapaces polo seu nome
- Ter o alumnado na mesma disposición todos os períodos lectivos

8. Condutas do profesorado que axudan a que se atenúe a disrupción

- Facer bo uso do eloxio
- Ser sinxelo e directo (dito con voz natural, sen efusións nin espaventos)
- Manifestarse cun estilo directo e declarativo (iso está moi ben, nunca pensara niso)
- Especificar o conseguido, recoñecer o esforzo, atención ou perseveranza notable
- Ser variado
- Estar apoiado pola adecuada comunicación non verbal
- Evitar enunciados ambiguos (“hoxe estiveches realmente ben”)
- Expresarse, por regra xeral, en privado
- Favorecer a acollida e valorar o alumno/a
- Chamar polo nome de pila ó alumnado
- Establecer contacto visual co alumnado durante a clase
- Empregar o humor en sentido positivo
- Pasear pola aula e achegarse a todo o alumnado
- Recoñecer a propiedade das ideas do alumnado
- Responder positivamente ás respostas incorrectas, sinalando as partes correctas
- Oporse ás agresións verbais entre o alumnado
- Cando os/as alumnos/as comezan a moverse dun sitio a outro permitir descansos curtos
- Organizar descansos cando decae a enerxía do alumnado
- Transmitir unha sensación de entusiasmo ó presentar as tarefas
- Utilizar anécdotas, digresións ou ambas cousas en relación coa tarefa
- Atribuír os éxitos do alumnado ós seus esforzos
- Especificar o que deben facer os/as alumnos/as para atinxir o éxito

- Especificar que resultado esperamos do alumno nas tarefas
- Aceptar os propios erros e responder ás críticas xustificadas por parte do alumnado.
- Recoñecer as diferenzas persoais, tales como o caso de alumnado con necesidades especiais, minorías étnicas, problemas condutuais
- Transmitir unha sensación de entusiasmo ó presentar as tarefas